

SUBMISIÓN URBANA

Consumo con silenciador

Consumo agrilloado

Escorregan os corpos
entre os vidros
grávanos con palabras
e números,
tápanos, asfíxianos.
A pel suorenta, esmagada,
vese baixo a etiqueta fosforescente.
Voan
sobre a fita transportadora
os envases que conteñen
os futuros clientes.



Cita

Erich Fromm: “A actitude
inherente ao consumismo é
devorar todo o mundo”.

Noam Chomsky: “Non podes
controlar a túa propia xente
pola forza, mais podes
distraelos co consumismo”.

John Berger: “O consumismo
consume todo
cuestionamento”

A través da pel, dos músculos, dos ósos, entre os órganos do corpo, hai un baleiro que nos berra, que nos chama. Por encher ese oco insaciábel, por queimar o frío nervioso, nace o devezo. Queremos achegarnos á arela, rozala e devorala, formará entón parte de nós, medraremos coma raíces cara ao interior do organismo. Necesitamos, atopamos, e coas cousas tentamos rachar esa negrura, invadímonos a nós mesmos e calamos, convertémonos en multitudes de obxectos. Quedaremos soterrados entre as cousas. Caen sobre nós pedras que desprenden dos cantís dun escaparate, e ollamos o vidro e non hai máis ca o que non temos, que axiña se transformará en desexo adquirido, que trabucaremos coa palabra “felicidade”. Eles tapan os nosos reflexos no espello da rúa. E quedaremos consumidos entre a materia e, pouco a pouco, esvaeremos, obrigáremos a ser, só, unha listaxe de obxectos.